

LUGO

Anuncio

ESTADÍSTICA

ARH/acp

Ref.: fofi04bop

Asunto: Notificación publicada en BOP

ESTADÍSTICA

BOF/2009

Non sendo posible a práctica da notificación, pola presente comunícase a D^a VANUZA DA SILVA OLIVEIRA e LARISSA OLIVEIRA DA CRUZ que con data do 1/7/2009, a Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Servizos Xerais, dona Luisa María Zarzuela González ditou o Decreto núm. 147/2009 do Libro de Resolucións en materia de Estatística sobre baixa de oficio padroal.

O texto íntegro da citada notificación, que contén datos de carácter persoal, está a disposición das interesadas nas oficinas de Estatística do Concello, onde poderá retirar unha copia autenticada.

Lugo, 7 de agosto de 2009.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA ALCALDE DELEGADA DA ÁREA (Decreto da Alcaldía 74/2008), LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ.

R. 04519

Edicto

Formada pola Intervención Xeral Municipal a conta xeral do exercicio 2008, e sometida a informe da Comisión Especial de Contas do Concello de data 11 de agosto, de acordo co disposto no art. 212.3 do R. D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ó público por prazo de quince días, podendo ser examinada a conta xeral, os seus xustificantes e o informe da Comisión Especial de Contas, en horas de oficina, na Intervención Xeral Municipal.

Durante dito prazo e oito días máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, que examinados pola Comisión Especial de Contas e practicadas por esta cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe e someterase ó Pleno da Corporación para a súa aprobación, sen prexuízo do seu sometemento á fiscalización externa do Tribunal de Contas.

Lugo, 11 de agosto de 2009.- A ILMA. TENENTE DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO, (Decreto Alcaldía núm. 74 e 101/2008) Sonia Méndez García.

R. 04534

Por medio do presente faise público que a tenenta de Alcalde delegada da Área de Economía e Emprego mediante Decreto da Alcaldía número 128/2009 do Libro de Resolucións en materia de contratación-fomento do día 13 de agosto de dous mil nove. RESOL-VEU:

PRIMEIRO- Que se proceda á convocatoria para o exercicio 2009 das subvencións para mellora da accesibilidade e habitabilidade de vivendas de persoas maiores dependentes no termo municipal de Lugo de conformidade coas bases establecidas no presente procedemento de concorrencia competitiva.

SEGUNDO- Aprobar, para aboar á empresa municipal EVISLUSA, o gasto das seguintes cantidades:

- 54.000 euros para o pagamento das subvencións; con cargo á partida 8210.74409 do orzamento municipal do exercicio 2009 que serán aboadas.

- 3.000 euros para o pagamento dos gastos de xestión con cargo á partida 8210.44409.

TERCEIRO- A presente convocatoria rexerese polo establecido nas seguintes

BASES XERAIS REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCiónS PARA MELLORA DA ACCESIBILIDADE E HABITABILIDADE DE VIVENDAS DE PERSOAS DEPENDENTES.

PRIMEIRA: OBXECTO.

1.- É obxecto das presentes bases a concesión de subvencións a propietarios e/ou inquilinos de vivendas sitas no termo municipal de Lugo co fin de acometer obras de reparación, rehabilitación, adaptación e mellora da accesibilidade e habitabilidade das mesmas que permitan mellora-la calidade de vida dos beneficiarios/as.

Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación a Lei 9/2007 de 13 de xuño e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións publicada no BOP do 18 de maio de 2005, as bases de execución do presuposto municipal e demais normativa legal de aplicación.

2.- Quedan excluídas desta convocatoria as solicitudes de subvencións para obras en vivendas que estean ubicadas na área de rehabilitación do casco histórico e na área de rehabilitación integral do barrio de Sagrado Corazón por ser obxecto de subvencións específicas de rehabilitación por parte doutras Administracións Públicas.

SEGUNDA: GASTOS SUBVENCIONABLES E PRAZO DE REALIZACION

As vivendas onde se realizan as obras subvencionadas a través das presentes bases destinaranse a residencia habitual e permanente do propietario ou inquilino.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actuación subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación que se indica na base undécima.

Serán subvencionables as pequenas obras de reforma e/ou reparacións que permitan acadar a accesibilidade da vivenda; a existencia e correcto funcionamento de servizos sanitarios e cociñas; a existencia e correcto funcionamento de instalacións eléctricas; a existencia e correcto funcionamento de instalacións de saneamento e fontanaría; a existencia e correcto funcionamento de sistema de calefacción; a existencia e correcto funcionamento de extracción de fumes e ventilación; illamento térmico; illamento acústico, adecuación distribución de espazos interiores; iluminados e ventilados, e sistemas de aforro enerxético.

Quedan excluídas desta subvención os arranxos nos elementos comúns das vivendas.

O período de realización dos gastos subvencionable abranguerá será dende o 1 de xaneiro de 2009 ata a data límite de xustificación.

TERCEIRA: ENTIDADE COLABORADORA.

A Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA) actuará como entidade colaboradora, conforme ó disposto no artigo 9 da Ley 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia e os artigos 12, 15 e 16 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e concordantes da ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións..

O Concello e a entidade colaboradora subscribirán un convenio de colaboración no que se establecerán as condicións e obrigas asumidas por EVISLUSA na xestión e pagamento das axudas, de acordo co disposto nas ditas Lei e Ordenanza.

CUARTA.- BENEFICIARIOS. REQUISITOS

1.- Poderán acollerse á presente convocatoria os/as propietarios/as, arrendatarios/as ou inquilinos de vivendas, sempre e cando constitúa o seu domicilio habitual e permanente, e reúnan os seguintes requisitos:

a.- Que vivan sós ou ben:

- Que o solicitante teña recoñecida gran dependencia segundo a Lei de Dependencia.

- Que o solicitante teña recoñecida gran invalidez.

b.- Que sexa persoa dependente (para o caso de ter recoñecido a situación de dependencia), padezan unha discapacidade igual ou superior ó 33% ou teñan

diagnosticado a enfermidade de alzheimer ou outras demencias

c.- Que teñan uns ingresos que non excedan 1,5 veces o IPREM.

2.- Se atendidas tódalas solicitudes que cumpran os requisitos esixidos houbera crédito sobranterá admitirse as solicitudes de persoas que cumprindo os requisitos establecidos no apartado b) e c) do parágrafo anterior convivan con outra persoa que teña unha idade igual ou superior a 65 anos ou ben sexan dependentes, teñan unha discapacidade igual ou superior ó 33% ou padezan alzheimer. Neste caso a renda per cápita da unidade familiar ou de convivencia non poderá exceder dúas veces o IPREM.

Os efectos do cálculo dos ingresos descontarase o custo anual da renda do alugamento para o caso de non ser propietario. Para os propietarios descontarase o custo da hipoteca, se é o caso.

3.- Os solicitantes de axudas haberán de cumprir e acreditar ademais os seguintes requisitos:

- Estar ó corrente do pagamento de impostos, taxas, contribucións especiais e sancións do Ilmo. Concello de Lugo, de Facenda do Estado e da Tesourería da Seguridade Social.

- Que o solicitante non se atope incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións públicas, contempladas no artigo 10 da Ley 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Ley 38/2003, Xeral de Subvencións.

- Dedicar a vivenda como domicilio habitual e permanente.

4.- Para os efectos de obter as axudas previstas nas presentes normas de procedemento, será necesario que as obras proxectadas dispoñan, se é o caso, da preceptiva licenza municipal de obras.

5.- Non poderán solicitar a axuda para arranxo de vivenda os beneficiarios/as desta subvención na convocatoria correspondente ó ano 2008.

QUINTA: CONTÍA DA AXUDA. CRITERIOS DE OUTORGAMENTO

1.- O presuposto para esta finalidade é de 54.000 euros con cargo á partida 8210.74409 do orzamento municipal.

2.- A subvención non poderá superar a contía individual de 4.000 euros.

3.- Os efectos do outorgamento da subvención teranse en conta as seguintes criterios ata unha puntuación máxima de 50 puntos:

a) As condicións de habitabilidade e accesibilidade da vivenda e a necesidade de realizar as obras correspondentes. Puntuación máxima: 25 puntos

Este criterio será comprobado polos técnicos da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA).

b) A situación de dependencia do solicitante. Terá unha puntuación máxima de 20 puntos quen acredite unha maior dependencia (grao de dependencia recoñecido, grao de minusvalía o informe médico acreditativo da graduación do alzheimer ou outra demencia.

c) Capacidade económica do solicitante e/ou unida-de de convivencia. Terá unha puntuación máxima de 5 puntos os solicitantes que acrediten menor capacidade económica.

Unha vez determinada a puntuación que lle corresponde a cada solicitante a concesión da axuda realizárase ós que teñan maior puntuación ata esgotar o crédito existente.

En caso de empate terá prioridade os solicitantes que tengan menos recursos.

Se polo número de solicitudes que reúnen os requisitos a cantidade que correspondería a todas as persoas solicitantes superase a cantidade consignada nos orzamentos para esta finalidade terán prioridade os solicitantes que teñan menos ingresos. Non obstante, o órgano competente para resolver poderá proceder ó rateo, entre as persoas beneficiarias da subvención, do importe global máximo establecido na convocatoria, segundo se establece no artigo 22 da Lei 38/2003.

SEXTA: SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.

1.- As solicitudes presentaranse en instancia normalizada (ANEXO I), xunto coa seguinte documentación en orixinal e/ou copia compulsada:

1.1) DNI/NIF do/a solicitante e/ou propietarios/as, se é o caso.

1.2) Certificación de empadramento e convivencia do solicitante.

1.3) Certificación de minusvalía expedido pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou Resolución do INSS de ter dereito a Incapacidade Permanente (total, absoluta ou gran invalidez). Para o caso de ter recoñecida a situación de dependencia presentárase a resolución da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar acreditativa desta circunstancia. En caso de padecer alzheimer, deberá presentar informe médico acreditativo da mesma.

1.4) Declaración de ingresos do/da solicitante, e se é o caso, de cada un dos membros da unidade familiar ou de convivencia. A declaración dos ingresos realizarase mediante fotocopia da última declaración da renda ou, se é o caso, certificación da Axencia Tributaria de non ter a obriga de presentala. Nos casos de pensionistas certificación anual do organismo correspondente

1.5) Copia do último recibo de pagamento da cota da hipoteca mensual ou se é o caso do último recibo de aluguer.

1.6) Memoria na que se especifique:

a) Descrición do tipo de actuación que se vai levar a cabo

b) Superficie útil da vivenda.

c) Presuposto de execución da obra

d) Prazo máximo de execución das obras.

1.7) Solicitud de licenza municipal de obras. Para o caso de resultar beneficiario deberá contar con licenza municipal con carácter previo ó inicio da obra.

1.8) Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras para o financiamento da mesma actuación ou proxecto para o que se solicita subvención (ANEXO II).

1.9) Declaración responsable de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, incluíndo as municipais e fronte á Seguridade Social. En todo caso, antes da proposta de resolución deberá achegar as correspondentes certificacións expedidas pola Delegación da Axencia Tributaria e da Tesorería Territorial da Seguridade Social (ANEXO II). A circunstancia de atoparse ó corrente coa Tesorería Municipal comprobarase de oficio previa autorización do solicitante.

1.10) Declaración responsable de non atoparse inhabilitado/a ou estar incurso/a en prohibición para acceder á condición de beneficiario de subvencións do Concello de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións. (ANEXO II)

1.11) Documento acreditativo da titularidade das vivendas por parte do/da(s) solicitante(s). No caso de non ser propietario deberá presentarse contrato de arrendamento ou documento de cesión do dereito de uso.

1.12) No caso de non ser propietario/a da vivenda: autorización da realización das obras por parte do propietario para a xestión, tramitación e cobro da subvención.

1.13) Certificación bancaria do número de conta do beneficiario/a

1.14) Outros documentos que, se é o caso, resulten necesarios como complemento da documentación anterior.

SÉTIMA: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

1) As solicitudes dos interesados, xunto coa documentación requirida, presentaranse no Rexistro da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo (EVISLUSA), sito na Rúa Quiroga Ballesteros, s/n baixo; no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992,

do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no prazo de 30 DÍAS NATURAIS contado a partir do día seguinte ó da publicación destas Bases no Diario Oficial de Galicia. Estas tamen se publicarán no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na paxina web do Concello de Lugo; se ben a publicación no DOG será a data a ter en conta aos efectos de presentación de solicitudes.

2) Se a devandita documentación xa estivera en poder do Concello, haberá de facelo constar, con indicación da data e dependencia ou órgano ante o que se presentaron, sempre que non transcorreran máis de cinco anos dende a finalización do procedemento ó que correspondan.

3) Se do número de solicitudes admitidas resultara que a cantidade total concedida fora inferior á consignada, o sobrante poderá destinarse a financiar posteriores solicitudes presentadas fóra de prazo que reúnan os requisitos, en todo caso a data límite presentación solicitudes será o 1 de novembro de 2009.

Estas peticións tramitaranse de acordo coas presentes bases, agás no que se refire ó cumprimento do prazo de resolución, e estarán supeditadas á existencia de dispoñibilidade presupostaria.

OITAVA. INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO

O procedemento para a concesión de subvencións previstas nas presentes bases axustaranse ó establecido nos artigos 28, 29 e 30 da ordenanza municipal Reguladora de Subvencións do Excmo. Concello de Lugo, coas seguintes precisións:

1) A Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA), encargada da tramitación dos expedientes, comprobará que estes reúnen todos os requisitos recollidos nas presentes bases. De non ser así, requiriráselle ó interesado que, nun prazo de dez días, corrixa a falla ou achegue os documentos preceptivos, indicándolle que, se non se fixese así, de acordo co artigo 71.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, terase por desistido da súa petición, logo da resolución, que deberá dictarse nos termos previstos no artigo 42 da mesma Lei.

2) Revisados os expedientes e completados, se é o caso, os técnicos da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA) emitirán, previa inspección da vivenda, os informes correspondentes, especialmente os necesarios para determinar as condicións de habitabilidade e accesibilidade da vivenda e a necesidade de realizar as obras correspondentes

3) O órgano instructor será o técnico/a competente da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA) que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

4) A comisión de valoración, constituída para o efecto terá a seguinte composición:

Presidente: O/A Alcalde-Presidente/a do Consello de Administración ou conselleiro/a en que delegue.

Vocais:

- Un/unha concelleiro/a por cada un dos grupos municipais.

- A concelleira de Benestar Social, Igualdade e Deportes.

- Directora Xerente de EVISLUSA, con voz e sen voto.

- O/A arquitecto/a da empresa municipal de vivenda de Lugo, con voz e sen voto.

- Un/unha técnico/a do Concello, adscrito/a á Área de de Benestar Social, Igualdade e Deportes.

Secretario/a:

- Un/unha funcionario/a de Admón. Xeral do Concello, adscrito/a á Área de Benestar Social, Igualdade e Deportes, que actuará de Secretario/a da Comisión, con voz e sen voto.

Correspóndelle a esta Comisión de avaliación a realización das seguintes tarefas:

a) Coñecer as solicitudes presentadas.

b) Coñecer os informes previos de EVISLUSA sobre as vivendas, a valoración de ingresos e as contías de axudas posibles.

c) Requirir documentación ou informes complementarios.

d) Realizar proposta motivada de resolución e lista de substitución por se fose necesario substituír algunha axuda.

Unha vez realizado o Informe pola Comisión Avaliadora, a unidade administrativa elevará a proposta de resolución órgano competente en consonancia co informe da Comisión.

NOVENA- ÓRGANO COMPETENTE PARA RESOLVER E PRAZO DE RESOLUCIÓN.

1.- De conformidade co establecido na base 24ª de execución do presuposto municipal, o órgano competente para resolver o procedemento é a Ilma. tenenta de Alcalde delegada da área de Benestar Social, Igualdade e Deportes.

2.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de dous meses, contados a partir da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia. O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención, a

excepción das solicitudes presentadas conforme ó parágrafo 4, disposición sétima, nestes casos o prazo máximo para resolver e notificar non poderá exceder dun mes contado a partir do 1 de novembro de 2009.

3.- A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela os interesados poderán interpoñer recurso ante o órgano que a dictou ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

4.- O beneficiario da subvención presentará ante a Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVLUSA), no prazo de quince días contados dende o seguinte hábil ó da notificación da resolución, o escrito de aceptación desta e de compromiso de execución das obras conforme o presuposto de execución material e prazos presentados. De non presentar o dito escrito entenderase que desiste da axuda e concederase ó seguinte da lista de substitución elaborada pola Comisión de Avaliación.

5.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

6.- Non se admitirá reformulación das solicitudes.

DÉCIMA: COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS.

Estas axudas son compatibles con calquera outra desta ou doutra entidade pública ou privada. En caso de existir varias axudas o importe total destas non excederá do custo total do gasto.

UNDÉCIMA-FORMA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN. PAGAMENTO

1- Finalizadas as obras, e ós efectos de proceder ó pagamento da subvención, os beneficiarios deberán comunicarlle á Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVLUSA) o remate destas, mediante a presentación de modelo normalizado (ANEXO III) acompañado da seguinte documentación:

a) Memoria da adopción do comportamento (modelo do ANEXO III).

b) Facturas, e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.D. 1.496/2003, do 28 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda, que se presentarán en documento orixinal, ou fotocopia dilixenciada.

c) Declaración xurada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para a mesma finalidade (segundo modelo no ANEXO III) así como declaración xurada na que se indique que as facturas non foron nin serán presentadas – na porcentaxe subvencionada polo Concello- como xustificación doutra subvención pública ou privada.

d) Certificados de estar ó corrente das obrigas fiscais co Concello de Lugo, de non ter débedas coa Seguridade Social e de estar ó corrente nas obrigas tributarias e do Estado.

e) Fotografías en cor das obras realizadas.

Os documentos presentados deberán ser validados e estampillados polo servizo municipal xestor do expediente administrativo cun selo existente para o efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación da subvención ou convenio concreto. Os documentos serán orixinais, e se se presentasen fotocopias deberán ser compulsadas polo servizo xestor, de conformidade co que se estableza nas bases de execución do presuposto.

2.- Os técnicos da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVLUSA), á vista da documentación, emitirán un informe respecto a correcta execución das obras.

No suposto de informe desfavorable, procederase á apertura dun trámite de audiencia a favor do interesado por un prazo non inferior a dez días nin superior a quince, segundo artigo 84 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a fin de que este compareza no expediente e alegue canto no seu dereito proceda. Transcorrido o dito prazo procederase á resolución definitiva.

3.- A obra subvencionada deberá executarse e xustificarse o gasto no prazo máximo de 6 meses a partir da notificación da concesión da subvención.

No caso de non presenta-la xustificación dentro deste prazo, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención.

4.- Son causas de perda da axuda económica establecida as seguintes:

- A incorrecta execución das obras aprobadas.

- A non execución das obras previstas.

- A execución de obras non aprobadas previamente polo Concello de Lugo.

- O incumprimento dos prazos establecidos para a execución das obras.

5.- Non se admite o pagamento anticipado nin pagos parciais.

DUODÉCIMA. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Serán obrigas dos beneficiarios das axudas as citadas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións.

ANEXOS

ANEXO I
CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN PARA MELLORA DA
ACCESIBILIDADE E HABITABILIDADE DE VIVENDAS DE PERSOAS
MAIORES DEPENDENTES-EXERCIZO 2009.

D./D.^a ----- co DNI -----, teléfono núm.-----,
email----- en nome propio ou en representacion de D^a.....
domiciliado/a na rúa -----,núm.----, piso:----, CP:----- do termo
municipal de Lugo

SOLICITA

unha subvención por importe de ----- € para sufraga-los gastos
derivados da realización da/s seguinte/s actuación/s:

Acepto o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución da
obra indicada **así como tódolos compromisos e obrigas derivadas das bases
reguladoras da convocatoria de subvencións para a mellora da
accesibilidade e habitabilidade de vivendas -exercizo 2009**

**Autorizo expresamente ó órgano xestor do Concello de Lugo a comprobar
de oficio o cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Lugo.**

Lugo, ____ de _____ de 2009

Asdo. -----

**Só no caso que o solicitante non sexa propietario deberá encher o que segue:*

D. ----- con DNI -----autorizo a D. -----
----- para a realización das obras na vivenda da miña propiedade
sita en ----- así como para a xestión, tramitación e cobro da
subvención.

Asdo ----- (indicar nome, apelidos e DNI)

Xúntase á presente solicitude a documentación sinalada no dorso, que se presentará de acordo cos modelos dos ANEXOS

- DNI/NIF do/a solicitante e/ou propietarios/as, se é o caso.
- Certificación de empadroamento e convivencia do solicitante.
- Certificación de minusvalía expedido pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou Resolución do INSS de ter dereito a Incapacidade Permanente (Total , Absoluta ou Gran Invalidez); ou resolución da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar polo que se determina o grao de dependencia do solicitante;ou informe médico acreditativo do padecemento da enfermidade de alzheimer.
- Declaración de ingresos do/da solicitante, e se é o caso, de cada un dos membros da unidade familiar ou de convivencia. A declaración dos ingresos realizarase mediante fotocopia da última declaración da renda ou,se é o caso, certificación da Axencia Tributaria de non ter a obriga de presentala. Nos casos de pensionistas certificación anual do Organismo correspondente
- Copia do último recibo de pagamento da cota da hipoteca mensual ou se é o caso do último recibo de aluguer.

- Memoria na que se especifique:
 - a) Descrición do tipo de actuación que se vai levar a cabo
 - b) Superficie útil da vivenda.
 - c) Presuposto de execución da obra
 - d) Prazo máximo de execución das obras.
- Solicitude de licenza municipal de obras, se é o caso.
- Declaracións xuradas (ANEXO II).
- Documento acreditativo da titularidade das vivendas por parte do/da(s) solicitante(s). No caso de non ser propietario deberá presentarse contrato de arrendamento ou documento de cesión do dereito de uso.
- Certificación bancaria do número de conta do beneficiario/a
- Outros documentos que, se é o caso, resulten necesarios como complemento da documentación anterior.

ANEXO II
MODELO DE DECLARACIÓN XURADA ÓS EFECTOS DE
SOLICITAR SUBVENCION

D./D.^a----- con D.N.I-----

DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE:

1.- Que (si ou non) solicitou e recibíu , subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

SI *

NON

*Ata o día de hoxe e referidos ó exercicio económico de 2009, o/a que subscribe solicitou/ recibíu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

2 - Que está ó corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Lugo, Facenda Estatal así como fronte á Seguridade Social.

3 - Que non se atopa inhabilitada nin está incurso/a en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para obte-la condición de beneficiario/a da subvención.

4 - Que a vivenda na que se van realiza-las obras é domicilio habitual e permanente do solicitante

Lugo, ____ de _____ de 2009

(DNI, sinatura do/da solicitante e/ou membros da unidade familiar)

ANEXO III
MODELO DE MEMORIA E DECLARACIÓN XURADA ÓS EFECTOS
DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN

D./D.^a----- con D.N.I-----

DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE

1.- Que ----- (si ou non) recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

SI *

NON

*Ata o día de hoxe e referidos ó exercicio económico de 2009, solicitei/ recibín outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

2.- Que as facturas que se achegan non foron nin serán presentadas – na porcentaxe subvencionada polo concello- como xustificación doutra subvención pública ou privada.

3.- A obra para a que se concedeu subvención realizouse nos termos solicitados.

4.- Que o abaixo asinante atopase ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á : Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo respectivamente.

Lugo, ___ de _____ de 2009

CUARTO.- Que se proceda á publicación no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na paxina web do Concello de Lugo da presente resolución con indicación de que esta pon fin á vía administrativa, e de que contra ela poden interpoñer-se los seguintes recursos:

Recurso contencioso administrativo no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da recepción desta comunicación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa, modificada pola Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

Non obstante o anterior, e con carácter previo poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 39/1991 de 26 de novembro ante a Alcaldía e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Así mesmo, déaselles traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados. Cúmprase.

O que se fai público para xeral coñecemento, a fin de que os interesados poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas, no prazo de 30 DÍAS NATURAIS contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio destas bases no Diario Oficial de Galicia. As bases completas publicaránse no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na paxina web do Concello de Lugo; se ben a publicación no DOG será a data a ter en conta aos efectos de presentación de solicitudes.

Lugo, 13 de agosto de 2009.- O ALCALDE. P.D. A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE BENESTAR SOCIAL IGUALDADE E DEPORTES, M^ª del Carmen Basadre Vázquez.

R. 04586

Anuncio

Con data vinte e tres de xuño de 2008, a Mesa Xeral de Negociación do Concello de Lugo acordou unhas bases xenéricas para a cobertura interina de prazas de funcionario nos supostos previstos no artigo 10 do Estatuto Básico do Empregado Público. Estas bases foron aprobadas na Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o nove de xullo de dous mil oito e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 24 de xullo de 2008.

Con data 31 de xullo de 2009 o Director Xeral da Policía presenta un informe relativo á contratación de persoal interino para a axencia de mobilidade do teor literal seguinte:

“El Estatuto del Empleado Público ha venido a establecer nuevas vías de contratación del personal interino, asimilándolo a la legislación laboral.

Así en su artículo 10 establece:

Artículo 10. Funcionarios interinos

1. Son funcionarios interinos los que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombrados como tales para el desempeño de las funciones propias de funcionarios de carrera, cuando se dé alguna de las siguientes circunstancias:

- a) La existencia de plazas vacantes cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera.
- b) La sustitución transitoria de los titulares.
- c) La ejecución de programas de carácter temporal.
- d) El exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses.

Dentro del proyecto aprobado por esta Dirección General, se pretende potenciar la Agrupación de Movilidad, para lo cual se van a convocar las cuatro plazas que ahora mismo se encuentran vacantes.

Ello no empece que debido a la celebración de acontecimientos sociales de gran envergadura como pueden ser la celebración del San Froilán, o bien, la fechas navideñas (en especial actos como la Cabalgata de Reyes) se produce un aumento significativo de la afluencia de gente en las calles de la ciudad de Lugo, lo que unido a la imposibilidad presupuestaria de aumentar la plantilla en estos momentos, hace necesario cubrir una serie de servicios ineludibles con carácter puntual y en fechas determinadas, por lo que proponemos la confección de unas listas para el nombramiento puntual de funcionarios/as interinos de esta categoría profesional, cuando haya una acumulación de trabajo por determinados eventos que no pueda ser asumido por los funcionarios/as de carrera.

Ya con carácter puntual, la posibilidad de nombrar agentes de movilidad para atender las necesidades de la regulación del tráfico durante las fiestas de San Froilán, nos permitiría utilizar los recursos policiales a labores de seguridad pública y control administrativo de denuncias que se vienen dando los últimos años como son, por ejemplo, los denominados top manta, venta ambulante ilegal, etc.

Por ello se solicita que se proceda a la contratación de personal interino para cubrir las necesidades que se plantean en las fiestas de San Froilán, estimando que el número adecuado para la cobertura de las mismas sería de 15 funcionarios interinos del 2 al 12 de octubre de 2009.

El procedimiento selectivo de dicho personal se deberá ajustar a las bases genéricas ya existentes en este Ayuntamiento, siendo los requisitos para la selección los siguientes:

Requisitos.

- Ser español o miembro de cualquier país de la UE.
- Mayor de 18 años